



LEO BASSI

A gran misa patólica

A COMPAÑÍA

Leva o circo no sangue. Fai seis xeracións, un devanceiro de **Leo Bassi** loitou á beira de Garibaldi antes de crear un dos primeiros circos modernos da Toscana. Pola outra beira familiar, co auxe do vaudeville, o seu avó británico, Jimmy Wheeler, era unha das estrelas do London Palladium antes de ser pioneiro en televisión nos primeiros anos da BBC. Bassi, máis aló de continuar coa tradición familiar, salvagarda un propósito: manter vivo o espírito provocador que caracterizaba o selo dos Bassi. Porque Leo é un bufón, un home comprometido que considera que o pallaso ha de mirar directamente ao poder, mofarse del e denunciálo mediante a risa. A provocación é unha ferramenta do compromiso para este italiano que debutou con sete anos en Australia. Aos 23 iniciou a súa carreira en solitario, creando os seus propios espectáculos e converténdose, co paso dos anos, nun dos *clown* máis coñecidos do mundo.

O ESPECTÁCULO

La Gran misa Patólica non é unha obra de teatro, senón unha adaptación ao escenario dunha verdadeira “misa” bufonesca da famosa Iglesia Patólica. Desde a súa inauguración o 28 de decembro de 2012 en Madrid, esta Igrexa ten un centro de culto chamado El Paticano de Lavapiés, dedicado á adoración dun pato de goma amarelo “redentor” (que mesmo mereceu o protagonismo na Festa da Auga o Día de San Roque 2016, en Vilagarcía, con Bassi de pregoeiro). Alí celébranse regularmente misas e acontecementos como vodas e bautizos coa súa propia liturxia. O gran bufón **Leo Bassi**, ademais de ofrecer as misas na súa Santa Sede, tamén emprende viaxes evanxélicas ao redor do orbe para provocar gargalladas e aplausos de consensos con preguntas e reflexións básicas sobre a liberdade de expresión, a ciencia e a tecnoloxía ou a relixión.

FICHA ARTÍSTICA

Dirección e elenco: Leo Bassi

Duración: 75 minutos

Público: Adulto

[+](#) info [▶](#) ver vídeo

www.culturactiva.org